


Quen somos

A ANPA Brigantium formámola as nais e pais dos alumnos que cursan estudos no CEIP Fco.Vales Villamarín.

Somos unha entidade sen ánimo de lucro e de acordo cos nosos estatutos estamos integrados nas seguintes organizacións de ANPAS de colexios públicos:



Estes estatutos márcannos ademais os seguintes fins:

- Asistir aos pais e titores en todo aquilo que concirne á educación dos seus fillos e pupilos.
- Colaborar nas actividades educativas e extraescolares do Centro.
- Promover a participación dos pais dos alumnos na xestión do centro
- Asistir aos pais dos alumnos no exercicio do seu dereito a intervir no control e xestión do Centro
- Facilitar a representación dos pais de alumnos no Consello Escolar
- Estimular a participación dos pais na programación xeral da ensinanza a través do órgano colexiado correspondente.
- Fomentar as relacións de cooperación do Centro con outros establecementos escolares e os sectores sociais e culturais do entorno.
- Promover a plena realización do principio de gratuidade no ámbito do centro, así como a efectiva igualdade de dereitos de todos os alumnos sen discriminación por razóns socioeconómicas, ideolóxicas, confesionais, raza ou sexo.

- Requirir aos poderes públicos o cumprimento das leis, regulamentos e plans de actuación relativos á educación, recabando a atención e axudas que esta merece.
- Promover actividades formativas, culturais e de estudo.
- Promover reunións de colaboración de pais con profesores e as boas relacións entre ambos.
- E todos os demais non recollidos non estatutos que sexan conformes á lei.

Logros pasados, tarefas futuras

LOGROS

- ✓ Servizo de Comedor e Madrugadores
- ✓ Acompañante nos buses escolares
- ✓ Gratuidade de libros (actualmente non está en vigor, coa única excepción de 3º e 4º que aínda se están aproveitando os libros)
- ✓ Definición, por parte da Xunta de Galicia, das responsabilidades da Dirección do Colexio en relación ao transporte escolar.
- ✓ Compromiso de construción dun novo colexio
- ✓ Maior implicación do Concello na educación Infantil e Primaria.

TAREFAS FUTURAS

- Construción dun novo Colexio de Infantil que estea operativo para o curso 2012-2013
- Reforma integral do actual Edificio de Primaria
- Formación dirixida a nais e pais.



COMEDOR e MADRUGADORES

O servizo de comedor e madrugadores é un servizo que veñen ofertando as asociacións de nais e pais, ante o desentendemento tanto da Xunta de Galicia, como dos concellos. No caso do CEIP Fco. Vales Villamarín é a nosa ANPA que ofrece este servizo, a través da Federación de ANPAS de A Coruña.

O servizo funciona durante todos os días lectivos. No caso do Comedor en horario de 14:00 a 16:00. No caso de Madrugadores en horario de 7:30 a 9:00 de mañá.

Todos os alumnos do colexio teñen dereito a usar este servizo, con independencia de que sexan ou non socios da ANPA. As taxas de uso de comedor e madrugadores constan dunha matrícula, un seguro por parte da empresa contratada e o abono mensual das comidas ou servizo utilizado. Os socios do ANPA están exento do pago da matrícula.

Tanto comedor como madrugadores ofertan as modalidades de usuarios fixos e esporádicos.

Dentro da oferta de madrugadores, atopamos:

- Servizo de gardería con almorzo
- Servizo de gardería sen almorzo

Se necesitas máis información sobre estes servizos, consulta o noso blog ou pregunta polos responsables do comedor na Secretaría do Colexio.



Actividades extraescolares

Como xa sabedes a ADC Vales Villamarín, que durante os últimos 9 anos veu encargándose da organización das actividades extraescolares, decidiu extinguirse e ceder todo o seu capital material e humano á ANPA Brigantium, que a partir de este curso 2011-2012 será a encargada da organización de ditas actividades.

Dende o 13 ao 20 de setembro estará aberto o prazo de matriculación nas actividades organizadas para este curso, tal e como se reflicte na folia de inscrición que se vos enviou, a través dos vosos fillos.

Se por algún motivo algún de vós non a recibira, podedes conseguila a través do noso blog ou pedindo unha copia na Secretaría do Colexio.

Pedirvos, simplemente, que leades con atención a parte baixa da folia onde se informa sobre o período de inscrición e o custe das actividades.

E para rematar, dende a ANPA Brigantium, queremos agradecer a todas as persoas que formaron parte das diversas xuntas directivas da ADC Vales Villamarín o seu esforzo, tempo e dedicación. Sen eles as actividades extraescolares non serían o que son.

Moitísimas grazas.

Asemblea ANPA

Inicio de curso

O venres 30 de setembro, ás 20:00, en 2ª convocatoria, vaise celebrar a reunión de inicio de curso da ANPA Brigantium.

A asemblea está aberta a todas as nais e pais do colexio, sexan ou non socios desta ANPA.

Dende a xunta directiva queremos agradecer por adiantado o compromiso de todos os asistentes, neste curso que se presenta moi difícil.

P.D. O acta da asemblea anterior está a vosa disposición, na porta principal do colexio e no noso blog

Como facerse socio/a da ANPA

Cando? do 1 de xuño ao 15 de novembro

Como? Cumprimentando a folia de inscrición de socios que podes atopar na Secretaría do colexio e no noso blog, a partir do 1 de xuño.

Canto? 10€ por familia e ano

Vantaxes?

- ✓ Matricula Servizo de Comedor e Madrugadores **gratuíta** **(20€ de aforro)**.
- ✓ **Descontos** nas actividades extraescolares planificadas **(20€ de aforro por actividade)**.
- ✓ **Descontos** en outras actividades de pago organizadas pola ANPA.
- ✓ **Descontos** en 17 establecementos de Betanzos (*ver establecementos no noso blog ou na porta principal do colexio*)
- ✓ Voz no consello escolar a través do ANPA.
- ✓ Asesoramento escolar.

4 razóns + para pertencer a unha ANPA

- Porque é a nosa responsabilidade educar aos nosos fillos e fillas.
- Pola necesidade de estar unidos á hora de reivindicar aspectos que nos axuden a mellorar a escola pública.
- Porque un movemento de pais e nais agrupados fan que as iniciativas e peticións destes sexan vistos con maior respecto, polas Administracións
- Porque todos somos necesarios para mellorar a calidade de vida para os nosos fillos e fillas.

Actividades Extraescolares deportivas e culturais

Baloncesto, Ximnasia Rítmica
Karate, Psicomotricidade
Patinaxe, Fútbol Sala
Baile, Tiro con Arco
Banda de Música
Atletismo
Teatro

Inscrición do 13 ao 20 de setembro,
ambos inclusive

ANPA
Brigantium

Consulta máis información no noso blog

<http://anpabrigantium.blogaliza.org/>

facebook: [anpabrigantium](#)

anpabrigantium@gmail.com



CONCELLO DE BETANZOS
CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN